



DATOS IDENTIFICATIVOS

Administración Laboral e Dereito Sancionador do Traballo

Materia	Administración Laboral e Dereito Sancionador do Traballo			
Código	V08M104V01218			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Casas de Ron, José M ^a			
Profesorado	Casas de Ron, José M ^a Pazos Perez, Alexandre Pouso Lijo, Ana			
Correo-e	jjpontevedra@mitramiss.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Trátase de que o alumno/a estude fundamentalmente os medios de actuación e facultades da Inspección de Traballo e Seguridade Social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
B2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B3	Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.
B4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
C11	Elaborar plans de Recursos Humanos coherentes có obxectivo a acadar
C15	Coñecer a resposta da Administración fronte aos incumprimentos laborais e ser capaz de participar no procedemento administrativo sancionador

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	B1
Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.	B2 B3 B4
Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.	
Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.	

Coñecer as respostas da Administración fronte ós incumprimentos laborais e ser capaz de participar no procedemento administrativo sancionador.	C11 C15
Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.	A2 A3 A4
Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.	A5
Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.	
Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.	

Contidos

Tema

Tema I: Constitución e Estatutos de Autonomía: a administración laboral xeral e autonómica	1.Distribución competencial en materia laboral de seguridade social, inmigración e estranxeiría. a) Artigo 149.1.2,7 y 17 CE. b) Estatuto de Autonomía de Galicia. 2.Normativa reguladora das administracións laborais. 3.Estrutura e funcións da administración xeral central, administración periférica e administración autonómica laboral. Organismos, unidades administrativas e dependencias.
Tema II: A Inspección de Traballo e Seguridade Social	1.O dereito do traballo e carácter artellador da ITSS dende 1906. 2.Normativa específica reguladora da ITSS: convenios de OIT, normativa de la UE, Estatal e Autonómica. 3.Dependencia orgánica e funcional: exame da situación actual. 4.O sistema de ITSS: Inspectores de Traballo e Seguridade Social e Subinspectores de Traballo e Seguridade Social. 5.A participación das Comunidades Autónomas na organización da ITSS: os Convenios de Colaboración. 6.A participación dos órganos de representación social na xestión inspectora.
Tema III. Competencias do sistema de inspección	Laborais, de emprego, de Seguridade Social, en Seguridade e Saúde Laboral, Estranxeiros e Inmigración
Tema IV. As funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social	1.A función fiscalizadora. 2.A función de asesoramento. a) Asesoramento técnico. b) Asesoramento ás empresas e traballadores. c) Asesoramento ós órganos xudiciais e administrativos. 3.A función informadora. a) Informes preceptivos e facultativos en vía administrativa.b) Informes previstos na Lei reguladora da Xurisdición Social. 4.A función mediadora na composición do conflito.
Tema V. Medios de actuación e facultades da Inspección de Traballo e Seguridade Social	1.Iniciación da actuación inspectora. 2.Mecanismos de actuación. 3.Duración da actuación inspectora. 4.Facultades e prerrogativas da ITSS.a) Dereito de entrada. b) Desenvolvemento da visita: participación dos traballadores e dereitos do empresario. c) Medios de investigación: declaración dos traballadores e empresarios, exames documentais, peritaxes e outros. d) O apoio das Forzas e Corpos da Seguridade. e) A colaboración obrigatoria doutros organismos e entes. 5.A Responsabilidade dos integrantes do sistema da Inspección nas súas actuacións: dereitos fundamentais e deberes de responsabilidade.
Tema VI. As medidas inspectoras previas á extensión de actas de infracción e liquidación	1.Recomendacións inspectoras. 2.Actas de advertencia. 3.Requirimentos en materia laboral, na prevención de riscos, na Seguridade Social e o requirimento especial de Seguridade e Saúde Laboral ás administracións públicas. 4.A paralización dos traballos.

Tema VII. Actas da Inspección de Traballo e Seguridade Social	<ol style="list-style-type: none"> Os principios básicos do dereito sancionador do traballo. A tipoloxía das actas: de infracción, por obstrución, de liquidación da Seguridade Social e en materia de estranxeiría e inmigración. Requisitos subxectivos das actas: os suxeitos lexitimados. Requisitos formais das actas. Tramitación do procedemento sancionador. Contido das actas de infracción: o suxeito infractor, feitos comprobados, medios de investigación utilizados, infracción cometida, calificación, precepto vulnerado, gradación, cuantificación, órgano de resolución, medidas de carácter provisional, reclamacións de prexuízos económicos dos traballadores.
Tema VIII. Actas de liquidación de Seguridade Social	Especialidades das actas de liquidación. Determinación das cotas e importes debidos.
Tema IX. A presunción de certeza e a impugnación das actas de infracción e liquidación	<ol style="list-style-type: none"> A presunción de certeza no dereito administrativo laboral sancionador. Fundamento e problemática constitucional. A análise da normativa e xurisprudencia na materia. Requisitos das presuncións legais iuris tantum: as actas como documentos públicos e medios de proba no ámbito administrativo. A acta de infracción no proceso penal. A impugnación das actas. Alegacións e recursos.
Tema X. Outras medidas derivadas da actuación inspectora. A acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social no ámbito penal	<ol style="list-style-type: none"> O recargo de prestacións en materia de Seguridade Social. Outras medidas en materia de Seguridade Social. Suspensión das actividades e peche definitivo do centro de traballo. Restrición da contratación con administracións públicas. Cancelación da acreditación pola autoridade laboral ós servizos de prevención e as empresas de traballo temporal. Publicación das sanción moi graves. As actuacións inspectoras e o delito penal.
Tema XI. Análise práctico das actuacións inspectoras	Requisitos, actas de liquidación, actas de infracción, paralizacións de traballos e recargo de prestacións.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	8	32	40
Lección maxistral	30	38	68
Exame de preguntas obxectivas	2	40	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Lección maxistral
Estudo de casos	Estudo de casos

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Ao longo do período docente o alumno realizará catro exercicios prácticos relativos aos contidos da materia.	30	
Lección maxistral	Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no plantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo.	30	
Exame de preguntas obxectivas	O alumno realizará dúas proba tipo test na que serán avaliados os seus coñecementos teóricos e prácticos da materia	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o curso correspondente.

1ª CONVOCATORIA (maio-xuño):

Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 30%

- Exercicios prácticos: 30%

- Proba tipo test: 40%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

2ª CONVOCATORIA (xullo):

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaríanse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarían, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V08M104V01219

Traballo de Fin de Máster/V08M104V01220

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Medidas de Solución de Conflitos/V08M104V01217

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Aspectos Xurídicos-Laborais en Materia de Igualdade/V08M104V01107

Dereito do Traballo e Crise da Empresa/V08M104V01102

Seguridade Social Complementaria/V08M104V01101
